

OLLADAS

–Leopoldo García – Mario Hortas –
– Isabel Torrente –

Pintura e Escultura

CENTRO CULTURAL
r/. Rosalía de Castro, s/n.
A GUARDA

Do 19 ao 31 de xullo de 2010

Horario:

De Luns a Venres: 9:00h. a 14:00h.
17:00h. a 20:00h.
Sábados: 10:00h. a 13:00h.

Teléfono: 986 61 18 50



Concello de A Guarda



LEOPOLDO
GARCÍA



MARIO
HORTAS



ISABEL
TORRENTE

OLLADAS
A Guarda, 2010

A Guarda é unha vila cunha destacada vida cultural froito, en boa medida, do traballo e bo facer dunha morea de asociacións que nos enchen de contidos ó longo do ano.

Se a esta realidade se lle suma o pulo que propicia a Concellería de Cultura resulta un todo rico e atractivo. Unha boa mostra é a constante actividade da Sala de Exposicións do Centro Cultural.

Aquí expoñen artistas guardeses e doutros moitos lugares chamados, sen dúbida, por ese pedigrí cultural e porque, no verán, A Guarda é un mosaico de xentes de tódolos lugares que buscan, e estou seguro que atopan, atractivos distintos e de calidade.

A Guarda é, en definitiva, lugar de encontro de artistas e de amantes do arte. Igual a realidade do século XXI ten algo que ver tamén cos homes e mulleres que habitaron hai moito tempo no monte Trega e que nos deixaron boas mostras do seu quehacer artístico: petroglifos, esvásticas, torques e tantas outras cousas.

Por iso, sempre é un motivo de lelicia neste pobo que se leve a cabo unha nova exposición.

A tradición continúa.

José Manuel Domínguez Freitas
Alcalde de A Guarda

LEOPOLDO GARCÍA



Leopoldo García, emprega directamente a cor sobre o lenzo e compón os seus cadros a partir de manchas cromáticas de cores cálidos. Nas súas paisaxes o grumo da pintura convértese en protagonista, dividindo terra e ceo segundo a cantidade de materia: a parte inferior componse en bandas cromáticas cargadas de pintura, mentres que resolve os ceos con pincelada suave e delicadamente defuminada. As súas obras son resultado da expresión do seu autor, da pincelada subxectiva a base de cores cálidos. Deste modo preséntanos paisaxes que cobran autonomía respecto a calquera referente na natureza no que se puidera basear o seu autor, trátanse agora de novos espazos pictóricos que funcionan en paralelo ó mundo da nosa realidade cotiá.

Cando engade na súa pintura figuración, xa sexan persoas ou animais, a pintura de Leopoldo García lembra á de Xaime Quessada. Os dous teñen a capacidade de traballar con cores cálidos para crear universos oníricos nos que as figuras viven na súa propia realidade que se converte noutra realidade dentro da que propón a pintura. A maneira que teñen estes cadros de desenvolverse ante o espectador propón ademais do goce estético a posibilidade de plantexar numerosas preguntas a partir da fantasía que existe nestas escenas.

A súa obra é sincera, valente, expresiva, sen límites, buscando novas sensacións na plasmación da arte, pero tamén na visión que ten o espectador da contemplación dos seus cadros.

Nacho Granero — Licenciado en Historia da Arte

MARIO HORTAS

O escultor **Mario Hortas** amosa nas súas pezas o seu traballo en torno ó granito. O proceso da creación artística asociouse dende os tempos de Platón á busca da Verdade na Arte, dun novo mundo que espera pacientemente a ser rebelado dentro do bloque de pedra. Mario Hortas pódese encadrar perfectamente dentro deste tipo de artistas. O creador muda entón en alquimista que sabe modificar a materia artística para amosar ó espectador o obxecto da súa arte. Hortas atopa a composición perfecta dentro do granito, dominando o material para converter a dureza e rugosidade da pedra en brandura e suavidade. O escultor parte das ensinanzas dos canteiros e da intelixencia da creatividade, da valentía de quen coñece os límites e quere superalos a través da súa arte.

Hortas inspírase no mundo que o rodea, fundamentalmente na figura humana, e simplifícaa ben en formas xeométricas ou en formas ondulantes continuas, xogando coa capacidade expresiva da composición. Hortas traballa co sólido e o oco, creando asociacións expresivas que camiñan cara a esencialidade. Non importa que o espectador teña unha idea preconcebida respecto á pedra, Hortas consegue crear obras que trascenden o material no que son feitas para transformarse en símbolos universais que amosan as características da humanidade ó longo do tempo e do espazo, sen importar culturas, civilizacións nin épocas históricas. Son imaxes simplificadas en formas xeométricas, iconos universais que xa vimos en culturas prehistóricas, pero que foron escollidas por diversos artistas da contemporaneidade tras simplificar a realidade na que vivían. Isto non quita orixinalidade, nin significa o fin dun camiño, senón o punto de partida para un arte novo e persoal, como vimos na obra escultórica de Brancusi ou mesmo nos personaxes dos graffittis de Keith Haring.

Nacho Granero — Licenciado en Historia da Arte



ISABEL TORRENTE



Isabel Torrente é unha pintora que madurou a súa arte a partir dunha formación autodidacta e participando en obradoiros que a fixeron crecer e atopar un camiño moi persoal. Isabel Torrente soubo beber das ensinanzas dos grande mestres, as máis evidentes na pintura de Cezanne, creando os cadros a base de anchas pinceladas constructivas que se materializan sobre o lenzo espido.

A artista compón os seus cadros a partir das figuras xeométricas, tanto se son paisaxes naturais, vistas urbanas ou escenas de nenos. A pesar da planitude que provoca este tipo de técnica pictórica, os espazos están totalmente definidos, en planos que crean profundidade a partir de elementos como sombras, acumulación de figuras, ou xogos coa diferente forza das cores. O cadro convértese así nun esbozo dende o primeiro momento, comeza como unha construción mental a partir de volumes e esbozado debe aparecer ante o público a base de trazos de pintura que non queda definida senón pola mente de quen contempla o cadro.

A pintura de Isabel Torrente confórmase entón por un traballo mental que se desenvolve no lenzo, a composición está perfectamente meditada dende unha composición que privilexia as figuras xeométricas, ata pasar por unhas pinceladas que constrúen a trazos velozes ás casas, ás figuras humanas.

Como se pode ver nesta exposición o tema na obra de Isabel Torrente é unha escusa, o importante é a pintura, crear novos espazos pictóricos nos que o espectador ten todas as pistas para comprender o cadro, pero onde o realmente necesario é o goce da contemplación dunha obra de arte.

Nacho Granero — Licenciado en Historia da Arte